

## A resposta dos persoais ás mobilizacións forza á AEC a retirar a súa proposta de traballar 12 horas diarias



Onte, xoves 22 de setembro, tivo lugar unha nova reunión da mesa negociadora do convenio de consultoría e, aínda que hai que ser cautos, por fin comézase a ver un cambio de actitude na AEC.

As mobilizacións levadas a cabo esta primavera, e que derivaron na primeira folga da historia do sector, provocaron entón que desistisen na súa proposta de traballar gratis os sábados e fixeron que onte anunciasen a retirada da súa xornada máxima de 12 horas diarias e que empezen a falar timidamente de subidas salariais.

Desde **CCOO** queremos **agradecer a vosa alta implicación nas protestas**, pois é o empuxe provocado polo voso apoio o que fixo sentir a presión á patronal e entender que non iamos continuar tolerando a precarización das nosas condicións de traballo.

Doutra banda, a pesar da retirada destas condicións inaceptables, a patronal insiste en poder contratar a persoas, altamente cualificadas e con formación superior, con salarios de **14.350€** brutos anuais.

Ademais, as **dietas** levan **conxeladas** desde hai **14 anos** e o importe por **quilometraxe** é o mesmo desde o ano **2001** e non pode seguir así.

A isto hai que sumarlle que, cunha **inflación** de máis do **10%**, a patronal propuxo incrementar as táboas nun **1,7%** e un **1,4%** para 2023 e 2024 respectivamente, e vincular a subida ao plus de convenio, é dicir, que non aplique sobre o complemento de antigüidade, e descartan a inclusión dunha cláusula de revisión salarial. Tendo en conta os beneficios "récord" das empresas do sector, consideramos que esta subida é completamente insuficiente.

Doutra banda, desde **CCOO** presentamos unha serie de propostas entre as que destacan:

- A definición dunha **clasificación profesional ben coutada**, que permita distinguir claramente a que categoría pertences.

# Comunicado TIC



23 de setembro de 2022

- Unhas **táboas salariais** acordadas á formación e responsabilidades esixidas aos seus persoais e **que teña en conta a inflación actual**.
- A inclusión dunha **cláusula de revisión salarial** anual.
- Unha **revisión** á alza das dietas e do **plus de quilometraxe** para adecualos ao custo da vida.
- **Regulación do teletraballo** (é inaceptable que aínda haxa empresas que non compensan os gastos derivados deste).

Aínda que a AEC presentouse cun talante máis aberto a negociar, as posturas están aínda moi afastadas, polo que o calendario de mobilizacións programado manterase ata que se comecen a ver melloras considerables nas condicións de traballo.

## **DESTA VOLTA VANNOS ESCOITAR**

Lembra que podes seguir contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas dar máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

**CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)**